

Batiscafo. Espacio Submarino de Poesía e Acción

1, 2003

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BATISCAFO. ESPACIO SUBMARINO DE POESÍA E ACCIÓN: 1 (2011 [2003]). Reedição en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/461>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BATISCAFO. ESPACIO SUBMARINO DE POESÍA E ACCIÓN: 1 (2003).

* Edición dispoñíbel desde o 2 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



arturo casas • manuel rei • lupe gómez • chus pato • manuel
m. romón • xavier queipo • daniel salgado • alfonso pato
antón lopo • xavier cordal • manuel outeiriño


BATISCAFO: inmersión dunha burbulla de osíxeno na profundidade do real.

Espacio de intervención non-contaminado. Viaxe periódica ó corazón do
maremoto. Feto enganchado pola corda umbilical ó buque-nodriz da indignación.

BATISCAFO fará inmersións en tanto haxa forzas para termar da corda.




Sonar: Alfonso Pato, Iris Cochón, Manolo Martínez e Antón Lopo. **Inmersores:** Arturo Casas, Ana Domínguez Salgado, Cioleta Pérez Figueroa, Xoán Carlos Vizoso, Chus Pato, Estela González, Fran Alonso, María Salgado, Braulio Vilariño, Amalia Salgado, Soedade Noia, Xoán Villar, Iris Cochón, Herminio Barreiro, Germán Sierra, Caetano Díaz, Asunta Rodríguez, Antón Lopo, Rogelio Seijo, Xosé Hermida, Victorino Lourido, Carlos Alleres, Piedad Cabo, Susi Quintana, Antonio Landeira, Cisco Novo, Luís Quintas, Alfonso Pato e Alicia Zapatero. **Deseño gráfico:** Manolo Martínez. **Impresión:** Litonor. **Dep. Legal:** C-334-03



batiscafo

DEFINICIÓ DE “OS MARES DO SUR” DADA POR ROBERT LOUIS STEVENSON

Robert Louis Stevenson, “Relato de las experiencias y observaciones efectuadas en las islas Marquesas, Pomotú y Gilbert durante los cruceros realizados en las goletas Casco (1888) y Equator (1889)”, incluído no volume “En los mares del sur”, Ediciones B, Barcelona 1999.



Ás veces pasamos unha gran parte das nosas vidas ancorados en conceptos falsos, en asunción acrítica de verdades indemostradas ou convencidos da veracidade estatística de correlacións perfectamente espúreas. A manifestación máis sobranceira dise comportamento (ou síntoma) é, quizais, a superstición ou crenza dunha correlación entre acontecementos claramente indemostrable (o anuncio de morte no voo dos corvos, a mala sorte asociada ó número 13, en martes para unhas culturas, en venres para outras,...). Este texto e o mapa que o acompaña van para liberais dun erro que eu arrastrei varios anos e do que estou seguro non ser o único practicante.

Dende moi pequeno asumín, de xeito racional, que os Mares do Sur se encontraban no Hemisferio Sur e os Mares do Norte no Hemisferio Norte. Isto parecíame evidente na miña mente educada nunha mestura de filosofía escolástica e de racionalismo descartiano. Craso error de rapazolo, definitivamente cartesiano, que identificaba sur con todo o que está máis alá da liña ecuatorial (o da educación dirixida tamén un error, non pensen que non lle teño dado voltas).

O caso é que “South Seas” é un termo inglés para designar tódolos mares que se sitúan ó sur de Inglaterra, embigo do mundo, meridiano O, centro do universo. Só anos máis tarde, lendo a Stevenson atopei a definición do que el entendía (como bo inglés) que eran os Mares do Sur. Vai a continuación, para reaviva-la miña memoria adormecida e coa intención didáctica (perversa) de que non caían no mesmo erro.

“Este vasto espacio do Océano, designado con imprecisión co nome de “Mares do Sur”, esténdese de trópico a trópico, e dende os 120 grados Oeste ata os 150 Este, un paralelogramo de 100 grados por corenta e sete. Unha parte está deserta, a outra sementada de illas, que son de dúas clases. Nos relatos dos “Mares do Sur” establécese sempre a distinción entre as illas “baixas” e as “altas”, e non hai outras máis nidiamente sinaladas pola natureza. O Himalaia non se diferencia máis do Sáhara.”

No mesmo libro, Stevenson agasállanos coa súa idea do que é un atol, tan arre-

dado ós nosos coñecementos actuais sobre o tema, identificando o atol como produto da industria dun insecto e non como unha formación madrepora como é o caso. Vai tamén a versión galega das súas afirmacións para que gocen dos prodixios da imaxinación, tantas veces superadores da realidade.

“Por outro lado temos o atol, de orixe e historia problemáticos: suponse que é a creación dun insecto aínda non identificado; de forma anular, cunha lagoa no centro; rara vez, supera o medio quilómetro na súa máxima amplitude, rara vez, acada, no seu punto culminante, a altura dun home, ten por principais habitantes ó ser humano, á rata e o cangrexo de terra; non produce unha variedade de plantas maior que as demais illas e non ofrece á ollada, aínda na súa perfección, máis que un anel de praia refulxente e a verde follaxe que rodea o mar e é rodeada por el. (...) Constitúe unha última indicación de horror, engadido á imaxe desta estreita pasarela, o feito de que semellante anel exíguo posto sobre o mar non estea formado por rocha, senón por unha substancia orgánica, metade vivinte, metade putrefacta; o mar limpo e os peixes que nel viven empezoñados; a pedra máis sólida está roída no seu interior polos vermes e o máis leve po é venenoso como droga de apotecario”

Xa ven, o vello Stevenson, Robert, o da Illa do Tesouro cría un horror o que hoxe consideramos unha marabilla da natureza e pensaba que o centro do mundo era e seguía sendo a súa querida Inglaterra, patria de homes rexos que conquistaran os mares do mundo. Non serei eu quen lle leve a contraria e poida que na súa época as cousas fosen así definidas pero hoxe, por mor das variacións das estratexias de poder, o centro do mundo xa non sexa a City londiniense senón un lugar indeterminado e mudable, tamén no Hemisferio Norte, onde un mando de mandamases deciden unha guerra ou unha paz, unha invasión ou un boicot comercial.

xavier queipo
Bruxelas, Xaneiro 2003

O poema en futuro será para outro país,
para outra hora, e virá trasposto,
de pé,
de puño,
de terra arrebolada contra as historias,
de ollo armado
militarmente
e cesa o número e o sangue ou litoral
violado,
aforca a patria desertamos e aínda a almofada
te posúe enteira ou certa,
e aínda posuída escapa qué facermos,
cómo se volve erguer
o almorzo,
aínda na almofada medra a dúbida
do poema en futuro e das mans sucias,
da calor,
do insomnio,
da luz limpa que houbo,
e que lisques,
que lisquen todos,
que nos deixen a soas co cadáver deste sitio,
que nos parta na gorxa
a patria
dunha hostia dunha vez.

(Viva a nación sioux ceibe e socialista
dunha hostia dunha vez
Rompen-te)

daniel salgado

MAREMOTO AFUNDIMENTO BATISCAFO CHAPAPOTE DESCOORDINACIÓN ESCRÚPULOS FINISTERRAE
GOBERNANTES HIDROCARBURO IRISACIÓNS KILOLITROS LEXISLACIÓN MONOCASCO NEOCAPITALISMO
OBSOLETO PLASTILINA QUEROSENO REMOLCADOR SOLIDIFICACIÓN TONELADA ULTRADEREITA
VOLUNTARIADO WATERCLOSED XORNALISMO ZOBRA


alfonso pato

MODAS PIMENTEL, especial para defuntos

botas de naufrago.....	500 pts
traxe de marifeiro verde, apoiadas as súas	
maos nas lívidas tempas	500 pts
crespóns para estrelas	500 pts
luminosos almafis (elas).....	200 pts
sirope transparente.....	400 pts
emparedado de sombras	ídem
almanagues de oficio	
coroas de lírios	
navallas para o terror dos soños	
traxe de seda dura.....	descoñecido
camisa branca, traxe negro, gravata brillante,	
zapatos novos para un enterro de aldea	
alfinetes para lle pinchar nos ollos aos paxaros	
rosas sen estrear	
espellos sen lembranzas.....	

(descontos para poetas escolleitos, compre saber tanxer cordas mudas)

chus pato



PODER/INFORMACIÓN NO CAPITALISMO SERODIO

Nada, que fala o Estaxirita, xusto en Parva Naturalia, da reminiscencia e di que a memoria se aplica ao pasado, que ninguén diría que non se lembra do presente, ou da cor de algo que ten diante, que ten diante. Como este poema nunha revista nova.

¿Quen non o lembra?

Quixen dicir que Aristóteles asegura que facer memoria non significa máis que a posesión ou a modificación de sensacións ou concepcións que acoden á conciencia transcorrido o tempo, transcorrido o tempo.

Non di cánto.

Pensem os na simbiose. Organismos que se axudan. Eu disfrázote de flora amena e ti lévasme ao lombo. A primeira vez, ¿como foi?, ¿quen lembrou que?, ¿cal deles

—individuo/especie—

deu o inicial paso? ¿Foi quen declara ou foi quen transcribe? ¿O poder ou o cronista? ¿Eles ou ti, miñaixoia?

[da serie "Dereito Natural"]

arturo casas



TODOS A MADRID

Porque o mar é de todos
Todos a Madrid a levar o silencio dos paxaros mortos.
Todos a Madrid este febreiro collidos das mans dos mariñeiros emporcadas de fuel e de mentiras.
Todos a Madrid coas peixeiras e a súa voz de moedas de ouro cos das bateas e o reuma das mariscadoras cos do camión do peixe e coas obreiras da conserva.
Para levar o silencio dos golfinhos espraiaados na area dos araos, as gueivotas e os mascatos
Todos a Madrid porque o mar é de todos:
Dos que pasean e miran o horizonte
A Madrid os que van á praia estiran a toalla e se bañan collidos das mans.
A Madrid os surfers.
Porque o mar é deles e de todos:
Dos esquimos de Alaska dos bretóns e da señora de Toledo que en agosto sentaba nunha rocha a curar as varices.
Todos a Madrid porque o mar é de todos e sobre todo dos nenos que constrúen castelos de area contra as ondas sempre imposibles sempre cheos de esperanza.
Só por eles compre levar esta maré a Madrid.
As toneladas de razón que este inverno se chaman Nunca Máis van rachar de novo co silencio oficial.
Porque o Mar é de Todos o 23 de Febreiro
Todos a Madrid.

manuel rei



OXIVA

Para a **negrita** Condoleezza Rice, lista y obediente.
Para George Bush, dignísimo hijo de papà.



Toda esta multitude, este terror á nudez da multitude ida,
Toda esa leria da abtracción e a lei tida ó señor descoñecido.

Toda a xenreira feita de ferruxe roendo os ferrovellos das espranzas, todo o temor xestionado no lado do futuro.
Todo o que entraña o aneiro, a defección, instilada en metais de vela amarga, de contraposición vehemente á vixilia.
O corazón de can, enxerido no corpo de rei no que vivimos cando fomos, ai, antigamente, novos pra cobiza-lo señoreo dos animais autentes.
Toda a pedra disposta e imperturbable, cínica, polas liras.
Tódalas cordas murchas e ferintes mordedoras da xema e o gromo comunal de cada man.
Toda a inmersión do dondo, toda a fenda dos folgos que viñeron da sombra aínda buscando o que aínda non hai.

Penso nos crisantemos destrozados nas espadas desfeitas que nunca serán pontes, na terra esmorecida por firmeza das cifras, no alén que só nos resta por ficar en vida.

Entre a cova e a mente admiradora, entre a cifra e a zafra, no signo xa venal, superficial e vougo, na pegada de box goberna unha vestal, besta, da paixón vella: a palabra da lei, a palabra da merda (oh, Shiva) deusa da destrucción.

manuel outeiroño



MAIS FONDO, DENTRO, NISE LUGAR Ó QUE NINGUÉN CHEGOU NUNCA

antón lopo



EU SON UNHA BAILARINA

Sempre pensei que o mar era unha cousa gozosa chea de amor, e agora a morte está nas miñas bragas, doendo, e eu estou alegre, saíndo da auga e do amor e do mar e sentíndome alegre e viva e violenta e ancha.
Estou sangrando pólas pernas e nunca ameí tanto como agora amo. Nunca estiven tan contenta como agora. Nunca bailei tanto. Agora estou bailando todo o día e non importa que me pregunten se me canso ou non me canso.
Eu son unha bailarina coas entrañas feridas e coa risa máis alta e máis grande do mundo.
Teño nos pantalóns unha ferida e soño con elevarme e ser alta. Soño con escapar nun camión sen que ninguén se entere, levantando os ollos e metendo os meus ollos nos ollos das vacas, sentindo ese amor que sinten os animais enormes cando aman. Eu teño na gorxa un elefante que me fai ser libre todo o tempo.
Un elefante grande que me hipnotiza e que me volve tola.
Eu teño un amor bonito na mirada, e a tenrura dos poemas, e a violencia das ondas baténdome fortes na cara. Hai que ser felices toda a vida e xogar coas cousas e espantar a dor, Hai que entregarse espidos ao sexo e reventar sanguentes. E violar a culpa e mostrar o íntimo, o sagrado, a alegría.
Desfacer a tristura e chorar moitísimo, ata expulsar todo polos ollos, eses ollos cheos de bágoas que están no mar chorando. Eses ollos bonitos de muller violada, grande, orgullosa, altiva. Unha muller que goza e ama todo o tempo. Unha muller libre que é unha terra liberada.

lupe gómez



O DÍA

e abriu o día escuro coma negro

dun negro malevich sobre negro negro

dun negro sen futuro branco

e abriu o día

pero as nubes ninguén as convocara

nin as sombras dos acenos

nin os chíos das peixeiras ó redor do mercado do progreso

nin nada todo negro

cando abriu o día

aínda era noite pecha

sen marxex

negra

manuel m. romón



tres ideogramas–haiku sobre o pprestige

1.–NUNCA MÁIS



2.–Mariano Rajoy

A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE
A POESIA É VERDADE



3.–Manuel Fraga Iribarne

(epitafio)



xavier cordal

